Nos teus ollos

Intro, estrofas e retrouso **G–D / Em–C**
Ponte **Am–C / G–D**

Intro
G D Em C (x2)

Estrofa 1
G D
Era unha tarde calquera
Em C
estaba ledo sen querer,
G D
camiñando pola rúa,
Em C
cousas que non podes crer!
G D
Quen sabía quen soupera
Em C
que alí nos íamos ver,
G D
cada quen fai seu camiño,
Em C
máis axudas non vas ter…
G D
Ti falabasme amodo,
Em C
cuns ollos que fan tremer,
G D
eran azuis coma o ceo,
Em C
eu non o podía crer…

Retrouso
G D
Nos teus ollos vexo a vida,
Em C
que se agocha sen razón,
G D
eras luz entre a negrura,
Em C
agora so queda a dor!
G D
Nos teus ollos vai perdida,
Em C
toda a forza que quedou,
G D
eras alguén con futuro,
Em C
mais a vida che fallou.

Interludio
G D Em C (x1)

Estrofa 2
G D
Unha moza torturada
Em C
polas malas decisións,
G D
unha vida solapada,
Em C
que non tiña solución…
G D
Máis naquel intre falamos,
Em C
como dous amigos que,
G D
xa facía moito tempo
Em C
que inda quedaban por ver.
G D
E nese preciso instante
Em C
comencei a comprender,
G D
que o tempo te leva tarde
Em C
as veces a ser quen es!

Retrouso
G D
Nos teus ollos vexo a vida,
Em C
que se agocha sen razón,
G D
eras luz entre a negrura,
Em C
agora so queda a dor.
G D
Nos teus ollos vai perdida
Em C
toda a forza que quedou,
G D
eras alguén con futuro,
Em C
mais a vida che fallou.

Ponte
Am C
Porque todos cometemos
G D
moitos erros sen saber,
Am C
pero hai xente que o paga
G D
todo xunto dunha vez!
Am C
Tanta amargura fixeches,
G D
de pronto no corazón,
Am C
que eu tiven que convidarte,
G D
pois ti levabas razón.
Am C
Precisabas dun amigo
G D
un grolo de corazón,
Am C
eu so puiden darte cartos
G D
a tua aperta mos pagou!

Estrofa 3
G D
E se un día escoitas isto,
Em C
agardo de corazón
G D
que a tua vida xa cambiara,
Em C
que atoparas solución.
G D
Pois naqueles ollos brilla
Em C
a tristura e a emoción,
G D
e os consellos que nos dimos,
Em C
sinceros coma a razón!

Retrouso final
G D
Nos teus ollos vexo a vida,
Em C
que se agocha sen razón,
G D
eras luz entre a negrura,
Em C
agora so queda a dor.
G D
Nos teus ollos vai perdida,
Em C
toda a forza que quedou,
G D
eras alguén con futuro,
Em C
mais a vida che fallou!
G D
E se algún día te levantas
Em C
desta fría escuridade,
G D
nos teus ollos vexo a vida,
Em C
volve a túa claridade!